



Resolución reitoral pola que se corrixe un erro advertido na resolución do 27 de abril de 2026 de avaliación dos méritos docentes do profesorado universitario

Antecedentes

Por resolución reitoral de 27 de abril de 2026, resolveuse o procedemento de avaliación dos méritos docentes do profesorado universitario. Entre as solicitudes avaliadas favorablemente figuraba, por erro, a correspondente ao DNI: 3426***1T.

Con data 11 de agosto de 2026 informouse á persoa interesada da existencia do erro advertido e conferíuselle trámite de audiencia, indicando esta, mediante comunicación do día seguinte, que non formularía alegacións.

Consideracións xurídicas

Ao amparo do previsto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, procede rectificar o erro detectado na resolución de 27 de abril de 2026 nos seguintes termos: a solicitude de 3426***1T, que figura na relación de "solicitudes avaliadas favorablemente, con efectos económicos e administrativos dende o 1 de xaneiro do 2026" (apartado a), debe figurar na relación de "solicitudes que non compren os requisitos que esixe a convocatoria" (apartado d), coa seguinte lenda: "Causa de denegación: Non cumpre período mínimo avaliable establecido na convocatoria".

Polo exposto, **RESOLVO**

Primeiro. Rectificar o erro contido na Resolución reitoral do 27 de abril de 2026 pola que se avalía os méritos docentes do profesorado universitario (quinquenios), nos termos recollidos nas consideracións xurídicas desta resolución.

Segundo. Notificar esta resolución á persoa interesada e publicala no Taboleiro Electrónico Oficial.

Na data de sinatura dixital.

O reitor

Ricardo José Cao Abad